

12. Rodea **(c)** e **(z)** da cor que corresponde:

Aprende a cocinar con Cecía

Deixade de zafallar e aprendede a facer cocido, zorza, centolas, cigalas e percebes, zamburiñas, chourizos, e mesmo pan de Cea.



Escribimos **z** diante de **a, o, u** e escribimos **c** diante de **e, i**.

13. Escribe o nome destes elementos:









14. Observa e completa:

luz → luces

noz → _____

feliz → _____

feroz → _____

voz → _____

rapaz → _____

xiz → _____

paz → _____

As palabras rematadas en **-z** fan o plural en **-ces**.

15. Le e rodea o signo de interrogación (?) e o signo de exclamación (!):

- Que temos hoxe para cear?
 –Hoxe hai sopa de peixe e despois comeremos froita.
 –Que ben! Gústame moito!



O signo de interrogación (?) úsase para preguntar, e o signo de exclamación (!) indica alegría, sorpresa, dor...

16. Completa con signos de interrogación ou exclamación:

- | | | |
|---------------------------|--------------------|-------------------|
| – Está para mollar pan... | – Que libro é... | – Sabes quen é... |
| – Bo proveito... | – Cando vas... | – Que mágoa... |
| – Que hai de xantar... | – Hoxe vai frío... | – Corre... |

17. Ordena as letras e escribe as palabras:

O T R A T

A N L T E N A R

L R E S T A E

G R T A T A U R A

L L A O B R A T

A T R I O T

Todas as palabras levan as consoantes **tr-** ou **t-r.**

